



XUNTA  
DE GALICIA

PREVENCIÓN  
E SAÚDE LABORAL  
ANTE O CORONAVIRUS

COMERCIO

[ceei.xunta.gal/coronavirus](http://ceei.xunta.gal/coronavirus)

Liña Empresas  900 815 600


## ANTES DE IR AO TRABALLO

- ▶ Sempre é mellor utilizar o **transporte individual**, se non é posible, **unha persoa por fila** de asentos. No **transporte colectivo precísase** o uso de **máscara** e seguiranse as indicacións de mobilidade indicadas pola autoridade.
- ▶ **Non ir traballar con febre** (> 37°C) ou **síntomas respiratorios** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- ▶ Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.
- ▶ **Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria** e do servizo de prevención ante o coronavirus con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e protección adoptadas.



## DISTANCIA DE SEGURIDADE

- ▶ **Controlar o aforo no comercio en función das súas dimensións**, mediante a cita previa ou con persoal que limite o acceso para garantir a distancia de seguridade de 2 metros no interior.
- ▶ Establecer un **horario** de atención **preferente** para as persoas **maiores de 65 anos**.
- ▶ **Organizar a entrada da clientela** por quendas e respectar a distancia estipulada durante a espera. **Dirixir o fluxo** das persoas no comercio co fin de evitar o contacto.
- ▶ **Instalar pantallas ou outras medidas de barreira** de fácil limpeza e desinfección **nas zonas de atención ao público** como mostradores, caixas de cobro, e cando non se poida manter a distancia de seguridade.
- ▶ **Fomentar o comercio online** con servizo de entrega a domicilio ou habilitar servizos de recollida no comercio e **o pago por medios electrónicos** (tarxeta ou móbil).



## MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- ▶ **Colocar carteis** en zonas visibles do comercio que advirtan á clientela sobre as medidas preventivas establecidas polas autoridades sanitarias e sobre a súa obriga de cooperar.
- ▶ Valorar se é segura a **apertura dos probadores** e en todo caso, facelo de **forma parcial**. **Realizar a limpeza e desinfección** despois de cada uso con lixivia diluída ou un produto virucida autorizado.
- ▶ **Garantir a subministración de material de protección suficiente**, como luvas desbotables e máscaras, para o persoal traballador, especialmente o de atención ao público.
- ▶ Establecer **pautas de actuación** ante unha **persoa traballadora con síntomas** no seu posto de traballo, para protexela a ela e ao resto do persoal.
- ▶ **Fixar horarios** para atender aos representantes comerciais e establecer as **pautas de seguridade** para a recollida da mercadería.



## HIXIENE E LIMPEZA

- ▶ Facilitar o uso de solucións **hidroalcohólicas, luvas desbotables e colocar contedores** con tapa, pedal e bolsa recambiable nos accesos ao comercio para uso público.
- ▶ **Dispoñer de produtos para a hixiene de mans** (xabón, solucións hidroalcohólicas e panos desbotables) e **para a limpeza e desinfección** (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados).
- ▶ **Facilitar o lavado frecuente de mans**, solucións hidroalcohólicas e luvas desbotables ao persoal traballador. O uso de **luvas non debe substituír a hixiene** das mans.
- ▶ **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Evitalo igualmente cando se usen luvas e máscara.
- ▶ **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.
- ▶ **Protexer o produto para evitar a súa contaminación** pola exposición e manipulación mediante medidas de barreira (poñer fundas, pantallas, vitrinas, etc.).
- ▶ **Fomentar o uso de medios telemáticos** (ordenador e dispositivos móbiles) para xestionar a axenda, a recepción de albarás e emisión de facturas.
- ▶ **Evitar compartir material de traballo** como ordenadores, lectores de código, etiquetadoras e outros, sen limpalos previamente.
- ▶ **Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección** do local e das superficies que se tocan máis (mostradores, pomos de portas, ordenador, TPV, probadores, aseos, etc.). Limpar a área de traballo cando hai cambios de persoal e ao finalizar a xornada. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.
- ▶ **Recomendar o uso de máscara hixiénica ou cirúrxica** durante a estancia no comercio.
- ▶ **Ventilar** con máis frecuencia, polo menos durante 5 minutos. Cando se dispoña de sistemas de ventilación ou climatización asegurar a renovación do aire e vixiar o seu correcto funcionamento e mantemento.



## INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** [issga.coruna@xunta.gal](mailto:issga.coruna@xunta.gal)  
 Lugo **982 294 300** [issga.lugo@xunta.gal](mailto:issga.lugo@xunta.gal)  
 Ourense **988 386 395** [issga.ourense@xunta.gal](mailto:issga.ourense@xunta.gal)

Pontevedra **886 218 101** [issga.pontevedra@xunta.gal](mailto:issga.pontevedra@xunta.gal)  
 Santiago **881 999 332** [issga@xunta.gal](mailto:issga@xunta.gal)